

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES (IHUS) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### PREÁMBULO

No 2016, a Reitoría da USC puxo en marcha un Plan de reestruturación dos seus Institutos de investigación, con tres fases diferenciadas:

1. Unha avaliación previa individualizada dos devanditos Institutos realizada pola Vicerreitoría de investigación.
2. A presentación por parte de cada un dos Institutos dunha proposta de Plan de Actuación.
3. Estudo e avaliación por unha Comisión de avaliación externa da idoneidade e viabilidade dos plans de avaliación, como paso previo a súa implementación.

A proposta de creación do IHUS tenta dar resposta á necesidade perentoria de contar cunha estrutura institucionalmente estábel que permita visibilizar, articular e recoñecer as actividades de investigación das áreas de Humanidades que se desenvolven con excelencia no seo da USC, e que se atopan liñadas coas políticas de investigación no ámbito nacional e europeo. Paradoxalmente, non existe un instituto de investigación de Humanidades semellante/similar ao IHUS nin SUG nin no contexto español, o que, por outra banda, ofrece unha oportunidade estratéxica para a USC de situarse á vangarda destas iniciativas.

A USC presenta claras fortalezas no eido das Humanidades, como demostra o ránking QS, que a sitúa entre as mellores universidades do mundo en Artes e Humanidades. Cómpre, pois, asumir a iniciativa, igual que xa sucedeu noutras áreas e macroáreas da propia universidade. Desde o punto de vista organizativo, a creación do IHUS tamén é coherente coa tendencia xeral das universidades a estruturar a investigación en unidades máis amplas, sólidas e competitivas. Pero máis aló desas estratexias lícitas e desexables, a pertinencia desta iniciativa entronca coa necesidade de contribuir a dar forma a uns saberes críticos, necesariamente inter-/transdisciplinares, e conscientes dos problemas do noso tempo e respostar aos retos urxentes da nosa sociedade, artellando solucións que dean conta da complexidade inherente ao ser humano, obxecto por excelencia das Humanidades

### CAPÍTULO 1: DENOMINACIÓN, NATUREZA, FINS E SEDE

**Artigo 1.-** O Instituto de Investigación en Humanidades (IHUS) constitúese como Instituto de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e nace co obxectivo estratéxico de desenvolver coñecemento de excelencia como base para o progreso e competencia en humanidades.

A súa constitución realízase sobre a base do disposto na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, de Universidades, da Lei 6/2013 de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia, dos Estatutos da USC, e do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC.

**Artigo 2.-** O Instituto IHUS, como Instituto propio da USC, depende organicamente do Consello de Goberno da USC e rexerese por:

- a) A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, de Universidades.
- b) A lei 6/2013 de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia.
- c) Os Estatutos da USC.
- d) O Regulamento de Creación de Institutos da USC, de 18 de outubro de 2017 modificado o 31 de xaneiro de 2018.

- e) O presente Regulamento.

O Instituto formará parte do conxunto de Institutos Universitarios de Investigación da USC, como unha unidade de investigación supragrupal, cunha vocación de referencia e permanencia integrando investigadores de elevada competencia científica e tecnolóxica no ámbito das humanidades en todas as súas vertentes, tanto básicas como aplicadas, actuando como referencia na súa proxección académica, social e económica.

### **Artigo 3.- Fins do Instituto**

A investigación de excelencia e o desenvolvemento tecnolóxico no campo das humanidades para abordar unha prioridade mundial desde unha perspectiva e cunha estratexia multidisciplinar interactiva, aportando capacidades propias, e promovendo a interacción con outras institucións rexionais, nacionais e internacionais.

Os obxectivos básicos do instituto son, entre outros:

- a) Planificar, desenvolver e avaliar periodicamente a Axenda Científica na que se reflectiran os obxectivos científicos e as liñas de investigación do Instituto.
- b) Formar e captar talento investigador e apoiar o desenvolvemento da carreira científica seguindo as directrices fixadas na estratexia de xestión de recursos humanos de investigación da universidade.
- c) Proxectar cara o tecido científico, social e produtivo as capacidades e o coñecemento xerado no desempeño da súa misión a través da divulgación, valorización e transferencia.
- d) Adoptar unha orientación internacional para favorecer o desenvolvemento de colaboracións científicas, o acceso a redes e a participación en iniciativas institucionais.
- e) Actuar considerando os principios de investigación e innovación responsables no que se refire a cuestións éticas, políticas de xénero, acceso aberto e implicación coa sociedade e a cidadanía.

### **Artigo 4.- Sede**

A sede central do Instituto será Chalet dos Catedráticos, 1. Avda. das Ciencias s/n. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela.

Adicionalmente, as actividades do Instituto desenvolveranse nas facultades e demais edificios da USC nos que desenvolvan a súa actividade o persoal investigador vinculado ao mesmo.

## **CAPÍTULO 2: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **Artigo 5.- Órganos de Goberno**

O Instituto iHUS estará rexido por órganos de goberno colexiados e unipersoais.

Os órganos colexiados son:

- Xunta de Goberno
- Consello Científico

Os órganos unipersoais son:

- Director ou Directora
- Secretario ou Secretaria

Actuará como órgano consultivo do Instituto a Comisión Asesora Científica Externa (CACE).

## **Artigo 6.- Xunta de Goberno**

1.- Composición. O Instituto iHUS estará rexido por unha Xunta de Goberno composta por:

- O Reitor/a, ou Vicerreitor/a en quen delegue, que a presidirá e convocará.
- O Vicerreitor/a con competencias en investigación da USC.
- Un vogal en representación do Consello de Goberno da USC, nomeado polo Reitor.
- Un vogal en representación do Consello Social da USC.
- O Director ou Directora do Instituto.
- O Secretario ou Secretaria do Instituto, que será tamén da Xunta de Goberno.

2.- Funcións. Son funcións da Xunta de Goberno:

- a) Aprobar a elección do/a Director/a do Instituto, a proposta do Consello Científico, e cun informe favorable da Comisión Asesora Científica Externa.
- b) Aprobar a remoción do/a Director/a do Instituto, a proposta dunha maioría absoluta dos membros do Consello Científico.
- c) Aprobar a proposta de orzamentos e programación do Instituto.
- d) Aprobar a memoria anual de actividade e a económica do instituto, e dar conta das mesmas ao Consello de Goberno da USC.
- e) Promover o financiamento e dotación do Instituto.
- f) Nomear as Comisións asesoras externas previstas neste Regulamento e establecer o seu funcionamento.
- g) Propor ao Consello de Goberno da USC a modificación deste regulamento.

## **Artigo 7.- O Consello Científico**

1.- Composición. O Consello Científico estará formado por:

- O Director ou Directora do Instituto, que o convocará e presidirá.
- O Secretario/a de o Instituto, que será tamén do Consello Científico.
- 2 PDIs por cada gran área de traballo definidas na axenda científica do Instituto.
- 1 representante do persoal investigador non permanente e un representante do persoal en formación vinculado ao Instituto.

Os representantes serán elixidos por sufraxio directo no seo de cada sector agás os PDIs, que o serán por cada grande área de traballo do Instituto.

2.- Funcións. Son funcións do Consello Científico:

- a) Propor á Xunta de Goberno do Instituto o nomeamento do/a Director/a previo informe da Comisión Científica Externa.
- b) Aprobar o ingreso de novos membros do persoal científico Instituto, co informe previo da comisión científica externa. Este ingreso deberá ser ratificado pola Xunta de Goberno do Instituto.
- c) Propor a desvinculación do persoal docente e investigador ao instituto á Xunta de Goberno, previo informe da comisión científica externa de ser pertinente.

- d) Informar das propostas de programas, orzamento e memoria económica e de actividades do Instituto.
- e) Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do Instituto e vixiar a súa realización.
- f) Informar dos contratos do Instituto e dos seus membros.

### 3.- Comisión Permanente

A Comisión permanente, delegada do Consello Científico, é o órgano ordinario de goberno do Instituto. Estará formada por:

- O/A Director/a e o/a Secretario/a do Instituto.
- Un representante por de cada unha das grandes areas de traballo do Instituto.
- 1 representante do persoal investigador non permanente e un representante do persoal en formación vinculado ao Instituto.

Esta Comisión reunirse tantas veces como fose necesario, a petición do Director/a do Instituto. Serán funcións da Comisión aquelas que lle delegue o Consello Científico.

### **Artigo 8.-** Funcionamento da Xunta de Goberno e do Consello Científico

Tanto a Xunta de Goberno como o Consello Científico reuniranse en sesión ordinaria cando menos unha vez cada ano, e, en sesión extraordinaria, á iniciativa do seu Presidente/a, do Director/a do Instituto ou da maioría dos seus membros.

As reunións celebraranse na sede do Instituto agás no caso de que, por razón xustificada, o/a convocador da reunión acorde un lugar diferente, ou ben, mediante o uso de medios electrónicos. A convocatoria, que deberá incluír a Orde do día e a documentación correspondente, remitirase a tódolos membros con 48 horas de antelación por correo electrónico.

Para a validez da constitución da Xunta de Goberno ou do Consello Científico é necesaria a presenza do Director/a e do Secretario/a, ou a persoa que legalmente os substitúa, e polo menos a metade dos seus membros deberán estar presentes na primeira convocatoria. Na segunda convocatoria abondará coa presenza do/a Director/a e do/a Secretario/a máis un terzo dos membros.

Os acordos poderanse tomar por asentimento, maioría simple dos membros presentes mediante votación a man alzada ou, con carácter excepcional, mediante votación secreta, cando afecte a persoas concretas, sempre que así o solicite algún dos membros presentes.

As actas das reunións, que se aprobarán na seguinte sesión ordinaria, estarán a disposición dos membros do órgano colexiado que corresponda, para a súa consulta, despois da celebración da reunión. De tódolos xeitos, poderanse expedir certificacións dos acordos adoptados aínda que non estea aprobada a acta correspondente, facendo constar esta circunstancia na certificación.

### **Artigo 9.-** Dirección

#### 1.- O Director/Directora

Tal e como sinala artigo 12 do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, a persoa que exerza a dirección do Instituto será elixido pola Xunta de Goberno, a proposta do Consello Científico, e cun informe favorable do CACE, polo período que estableza a Lei con competencias para fixar o mandato dos titulares de órganos unipersonais electos das universidades públicas. O Director/a será elixido

entre o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela co título de doutor e vinculación permanente á Universidade, e vinculación formal ao Instituto.

2.- Funcións. Corresponde ao Director/a:

- a) A convocatoria do Consello Científico, a súa presidencia, e a execución dos seus acordos, e a xestión ordinaria do Instituto.
- b) A representación do Instituto no ámbito da súa competencia.
- c) A elaboración das propostas de orzamento e programación de actividades.
- d) A redacción das memorias anuais de actividade e económica.
- e) A proposta ao Reitor do nomeamento de Secretario/a do Instituto.
- f) A autorización de gastos do orzamento anual.

### **Artigo 10.-** Secretaría

1.- O Secretario/Secretaria

O Director/a do Instituto será asistido por un Secretario/a, nomeado polo Reitor entre o persoal docente e investigador vinculados ao mesmo, ou os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 a proposta do Director/a. O seu mandato será o establecido na Lei con competencias para fixar o mandato dos titulares de órganos unipersonais electos das universidades públicas.

2.- Funcións. Serán funcións do Secretario/a:

- a) Dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno do instituto.
- b) Redactar as actas das sesións dos citados órganos de goberno.
- c) Expedir certificados no ámbito da súa competencia.
- d) Custodiar o arquivo e a documentación do Instituto.
- e) Realizar aquelas tarefas que lle sexan encomendadas polo Director/a, de acordo coa lexislación vixente.
- f) Auxiliar ao Director/a nas súas funcións e substituílo en casos de ausencia ou enfermidade. Neste último caso, as funcións de Secretario/a serán desenvolvidas polo PDI de menor categoría e antigüidade de acordo cos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

### **CAPÍTULO 3: COMISIÓNS ASESORAS EXTERNAS**

**Artigo 11.-** Comisión Asesora Científica Externa (CACE)

A Comisión Asesora Científica Externa (CACE) establécese como un órgano asesor integrado por científicos de prestixio no campo de actuación do Instituto iHUS. Será designada polo/a Reitor/a a proposta da Xunta de Goberno do Instituto, que establecerá o seu réxime de funcionamento. O nomeamento dos membros da Comisión Científica Externa farase por catro anos, renovables.

Serán funcións da Comisión Asesora Científica Externa:

- a) Asesorar ao Director/a do Instituto e a Xunta de Goberno sobre calquera aspecto relacionado co funcionamento do Instituto e sobre a súa Axenda Científica.
- b) Avaliar periodicamente a actividade do Instituto e do seu persoal investigador, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- c) Informar do interese de vinculación de novos membros ao Instituto.
- d) Informar o nomeamento dos Coordinadores/as das unidades do Instituto, de habelos.

- e) Informar ao Consello Científico do Instituto na selección dun/ha ou varios/as candidatos/as para o posto do/a Director/a para que sexa elixido/a pola Xunta de Goberno.

## **CAPÍTULO 4: DO PERSOAL**

**Artigo 12.-** Persoal científico: Vinculación, desvinculación, avaliación e permanencia

### 1.- Tipos de persoal investigador

O persoal investigador do Instituto iHUS estará formado por:

1. Persoal investigador vinculado:
  - a. Persoal Investigador permanente: Persoal docente e investigador (PDI) doutor con relación estable coa Universidade de Santiago de Compostela, vinculados ao instituto previa avaliación da Comisión Científica Externa, e/ou investigadores/as doutores de outras institucións adscritos á USC mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co Instituto.
  - b. Persoal Investigador non permanente: Persoal investigador doutor contratado especificamente con cargo a programas de recursos humanos competitivos ou de captación de talento, ou a cargo de proxectos de investigación, de acordo co marco laboral e normativo aplicable.
2. Persoal investigador en formación e persoal investigador colaborador (segundo contrato da USC): Persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da USC, ou persoal con contrato de persoal investigador colaborador, que conte, en ambos casos, coa dirección ou codirección de persoal investigador vinculado ao Instituto.
3. Persoal colaborador: Doutores pertencentes a outras entidades públicas ou privadas que colaboren en proxectos e actividades do Instituto e que contén coas autorizacións que procedan para constar como colaborador/a do iHUS por parte do organismo co que teña relación contractual. A colaboración co iHUS non supón relación laboral coa USC.

### 2.- Investigadores/as garantes

Co obxectivo de asegurar a solvencia científica do Instituto, de acordo co Regulamento de creación e xestión de institutos universitarios da USC, que establece a figura de investigador/a garante, para os efectos deste Regulamento enténdese que os investigadores/as garantes deben cumprir:

- Acreditar a posesión de, polo menos, dous sexenios da actividade investigadora ou transferencia, estando activo o último tramo avaliado.
- Ter sido Investigador Responsable de proxectos de investigación internacionais, do Programa Marco da Unión Europea ou dos Plans Nacionais e Estatais de I+D+I da Administración Xeral do Estado, seleccionados mediante concorrencia competitiva nos últimos 4 anos. Quedan excluídas as accións complementarias e de mobilidade.
- Polo menos un dos seguintes méritos: ter dirixido, alomenos, dúas teses doutorais; ter publicado, alomenos, cinco artigos Q.1 publicados; ter desenvolvido, alomenos, dúas estadias de investigación durante a súa traxectoria académica; ter producido una media de tres conferencias convidadas.

### 3.- Vinculación, avaliación, permanencia e desvinculación

A vinculación dun/ha investigador/a ao Instituto iHUS realizarase en base a criterios de méritos de investigación e idoneidade do persoal candidato, e adecuación da seu currículo e proxecto investigador á axenda científica do Instituto.

O persoal que desexe incorporarse ao Instituto deberá solicitar a súa admisión ao Consello Científico, achegando o seu *Currículum vitae*, e o seu proxecto Investigador, que deben ser coherentes coa axenda científica do Instituto. A incorporación do novo persoal investigador será ratificada pola Xunta de Goberno do Instituto previo informe favorable da Comisión Asesora Científica Externa.

A actividade do persoal investigador do Instituto será avaliada pola Comisión Asesora Científica externa cada 4 anos. O informe razoado da mesma decidirá a súa continuidade ou non no Instituto.

Os Criterios de avaliación a ter en conta no proceso de vinculación e permanencia serán:

- a) Sexenios de investigación recoñecidos ao investigador e resultados da avaliación da actividade investigadora recoñecidos por ACSUG.
- b) Traxectoria investigadora, coherente coa axenda científica do Instituto.
- c) Publicacións, patentes e teses de doutoramento dirixidas.
- d) Proxectos e contratos coordinados.
- e) Outros méritos.

O compromiso de vinculación do persoal investigador ao Instituto iHUS será, como mínimo, de 4 anos.

No caso de persoal colaborador, este deberá solicitar a súa admisión como colaborador do iHUS ao Consello Científico, achegando o seu *Currículum vitae* e xustificación da pertinencia da solicitude. O compromiso do persoal colaborador co Instituto será dun mínimo de 3 anos.

A desvinculación do persoal ao Instituto será aprobada pola Xunta de Goberno do Instituto e terá causa nalgunha das seguintes situacións:

- a) A instancias do Consello Científico do Instituto, da comisión Asesora Externa e/ou do director do Instituto.
- b) A instancias do interesado/a, por calquera causa, cun preaviso de 9 meses, agás que haxa un acordo para establecer outro prazo.
- c) Por perda de vinculación contractual coa USC.

#### **Artigo 13.-** Persoal de apoio á investigación e persoal de administración

1. O Instituto poderá contar con persoal de apoio á investigación con destino no Instituto, ou contratado, que levarán a cabo tarefas de apoio técnico e de xestión da investigación.
2. O centro poderá contar con persoal de administración con destino no centro, ou contratado, que levará a cabo tarefas de apoio administrativo.

### **CAPÍTULO 5: RÉXIME ECONÓMICO E MEDIOS**

#### **Artigo 14.-** Orzamento. Ingresos do Instituto

1.- Orzamento. O Instituto terá as súas propias partidas de ingresos e gastos, que formarán parte dos orzamentos xerais da Universidade e xestionarase de acordo coas normas xerais orzamentarias que lle sexan aplicables.

2.- Ingresos. Serán ingresos do Instituto:

- a) As cantidades que se lle dediquen nos orzamentos anuais da Universidade.

- b) As porcentaxes que se determinen dos ingresos por proxectos, contratos, cursos e servizos tecnolóxicos prestados polo Instituto ou dos ingresos por regalías derivados de procesos de transferencia onde figuren como inventores persoal investigador vinculado ao Instituto.
- c) As doazóns que se reciban procedentes de entidades públicas e privadas.

#### **Artigo 15.- Medios materiais**

Serán medios materiais do Instituto os adquiridos con cargo aos seus orzamentos, os doados ou cedidos por entidades públicas ou privadas, e os adquiridos en proxectos de infraestrutura presentados polo Instituto.

#### **DISPOSICIONS TRANSITORIAS**

A adaptación deste Regulamento seguirá o previsto na disposición transitoria do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade na sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2018.

- 1.- Tras a aprobación do regulamento, o Reitor/a nomeará a un Director/a Comisario, que iniciará o proceso de avaliación/vinculación/desvinculación de investigadores/as ao Instituto baixo a supervisión e asesoramento da Comisión Científico Externa.
- 2.- Rematado o proceso de vinculación/desvinculación, elaborárase o censo do persoal investigador e asociado ao Instituto.
- 4.- Concluído o procedemento de conformación do censo do Instituto, constituiranse os órganos de goberno colexiados (Xunta de Goberno e Consello Científico) e procederase a designar ao novo Director ou Directora.

#### **ENTRADA EN VIGOR**

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da publicación do acordo de Consello de Goberno no taboleiro electrónico da USC.